



Vº CERTAME INTERNACIONAL
DE PINTURA AO APE LIBRE
*Fernando Álvarez
de Sotomayor*
SABADO 17 DE AGOSTO
PONTECESO, A CORUÑA



BASES Vº
CERTAME INTERNACIONAL DE PINTURA AO AIRE LIBRE
"FERNANDO ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR"
CONCELLO DE PONTECESO
Sábado, 17 de agosto de 2019
Ponteceso – A Coruña

- 1.- A organización aceptará como **máximo 100 participantes** (por orde rigorosa de preinscrición). Cada autor soamente presentará **unha obra** e non poderá firmala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.
- 2.- A execución, o estilo e a técnica serán libres e a súa temática xirará exclusivamente arredor da vila de Ponteceso e espazos a determinar pola organización. A execución será directa diante do modelo paisaxístico.
- 3.- Debe realizarse unha **preinscrición** no correo electrónico:
pinturasotomayorponteceso@gmail.com. As **inscricións definitivas** realizaranse no Centro Cultural Xosé Neira Vilas o propio día do certame no momento de selado dos soportes e serán **gratuítas**. O certame terá lugar o **17 de agosto de 2019**.
- 4.- Cada participante levará o **material** que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído o cabalete onde se exporá finalmente a súa obra.
- 5.- O soporte non sobrepasará as **medidas** 100X81 cm e presentarse o día do certame de 9.00 h a 11.00 h da mañá no Centro Cultural Xosé Neira Vilas de Ponteceso para ser selado. A organización entregará unha bolsa de pic-nic a cada participante.
- 6.- O tempo para presentar as obras finalizará ás 17.30 h e realizarase no control establecido no lugar estipulado polo xurado.
- 7.- O xurado, composto por profesionais das artes plásticas, emitirá o seu ditame ás 19.00 h.
- 8.- A partir do ditame, os autores dos cadros non premiados en metálico poderán poñer á venda as súas obras, asinándoas previamente e poñéndolles na parte traseira o seu importe. Esta exposición ao aire libre ou a cuberto, no caso de mal tempo, prolongarase como máximo ata as 21.00 h.
- 9.- As obras premiadas en metálico pasarán a ser propiedade das entidades patrocinadoras.
- 10.- Os **premios en metálico**, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán os seguintes:

Primeiro: **3.000,00 €** e diploma.
Segundo: **1.500 €** e diploma.
Terceiro: **1.000 €** e diploma.
Cuarto: **600,00 €** e diploma.
Quinto: **500,00 €** e diploma.
Sexto: **400,00 €** e diploma.
Sétimo: **400,00 €** e diploma.
Oitavo: **400,00 €** e diploma.
Noveno: **400,00 €** e diploma.
Décimo: **400,00 €** e diploma.
Décimo primeiro: **400,00 €** e diploma.
Décimo segundo: **400,00 €** e diploma.
- 11.- Haberá **premios especiais do xurado**.
- 12.- Os patrocinadores destes premios especiais non terán dereito á obra galardoada.